

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO

FONTES DE INFORMACIÓN COMPLEMENTARIAS:

CodexPro: <https://www.codex.pro/codexpro/escrbcgalia.do>

Información académica

Moodle: <https://www.edu.xunta.gal/centros/escolarestauraciongalicia/aulavirtual2/>

Información docente de cada profesor

Web: escolaconservacion.gal

e-mail: escola.conservacion.galicia@edu.xunta.es

Teléfono: 886 159 735

REDES SOCIAIS:

Facebook: <https://www.facebook.com/gradoconservacionbbcc.es>

Academia.edu: <http://gradoconservacionbbcc.academia.edu/>

Youtube: <https://www.youtube.com/user/ESCRBBCCG>

Slideshare: <http://www.slideshare.net/gradoconservacionbbcces>

Instagram: @escolaconservac

Twitter: @escolaconservac

CURSO 2018-19

Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais en desenvolvemento do Decreto 174/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de Bens Arqueolóxicos, Escultura e Pintura na Comunidade Autónoma de Galicia.

Períodos de vacacións:

- Nadal: 22 decembro-7 xaneiro
- Entroido: 4, 5 e 6 de marzo
- Semana Santa: do 15 ao 22 de abril, ambos incluídos

Matrícula

- De carácter presencial.
- De curso completo, no primeiro curso. Excepcionalmente, a dirección do centro poderá autorizar a matrícula para o primeiro curso dun mínimo de trinta créditos ECTS, sempre por causas xustificadas como compatibilidade laboral, enfermidade grave, conciliación familiar ou outras análogas.
- Para o segundo, terceiro e cuarto cursos poderase formalizar por materias, nun mínimo de 30 e un máximo de 75 créditos ECTS.
- Habilitarase un período extraordinario de matrícula ao remate do primeiro cuatrimestre, que determinarán os centros, para o efecto de que poida matricularse o alumnado que teña superado disciplinas pendentes ao longo do primeiro cuatrimestre.
- É obrigatorio matricularse nas materias pendentes e nas de formación básica.

Renuncia de matrícula

- O alumnado poderá renunciar á matrícula unicamente da totalidade das disciplinas en que se atope matriculado. A dita renuncia realizarase por escrito dirixida á dirección do centro e presentada con rexistro de entrada na secretaría deste, e suporá a perda da condición de alumno/a do dito centro a partir do día seguinte ao da súa presentación.
- A perda da condición de alumno/a do centro pola renuncia á matrícula na totalidade das disciplinas en que se atope matriculado/a non implicará a devolución dos prezos públicos aboados.

Promoción

- O alumnado disporá, con carácter xeral, de catro convocatorias para a superación das diferentes disciplinas integradas nestes estudos, agás nas disciplinas de Prácticas Externas (PE) e no Traballo Fin de Estudos (TFE), nas cales soamente disporá de dúas convocatorias.

Convocatoria adicional (convocatoria de gracia)

- As convocatorias computaranse de xeito sucesivo e entenderanse esgotadas tanto no caso de que o alumnado non supere a disciplina como no caso de que non se presente ás probas programadas para a dita convocatoria.
- O alumnado que esgotase as convocatorias sen superar a disciplina correspondente, poderá solicitar por escrito, ante a dirección do centro en que estea matriculado, unha convocatoria adicional, de carácter extraordinario, por circunstancias especiais que deberá alegar e xustificar documentalmente, sen que se poida alegar como circunstancia especial a falta de rendemento académico.
- O prazo para a presentación da solicitude da convocatoria adicional abranguerá os **cinco días** lectivos seguintes á data de comunicación da cualificación.
- O alumnado que obteña autorización dunha convocatoria adicional deberá facer uso dela na convocatoria inmediatamente seguinte á data en que fose concedida, sen prexuízo da solicitude da anulación de convocatoria establecida na presente orde da cal o alumnado poida facer uso.

Anulación de convocatoria

- O alumnado poderá solicitar a anulación dunha convocatoria nunha ou varias disciplinas por causa xustificada e acreditada documentalmente, mediante escrito dirixido á dirección do centro, ata dez días lectivos antes da sesión de avaliación correspondente á convocatoria, sen que entre as ditas causas poida figurar a falta de rendemento académico.
- Convocatoria ordinaria
 - 1º cuadrimestre, ata o 22 de xaneiro
 - 2º cuadrimestres, ata o 21 de maio
- Convocatoria extraordinaria, ata o 14 de xuño

Permanencia

A permanencia é de 8 anos, non se poderá realizar matrícula durante máis de oito anos académicos

Recoñecemento de créditos

- A solicitude deberá realizarse no momento da formalización da matrícula
- O alumnado deberá solicitar mediante impreso oficial, e achegar a documentación que corresponda:
 - Certificación académica na que figuren as cualificacións
 - Programas ou guías didácticas das materias para as que solicita recoñecemento
- O alumnado ao que se teña recoñecido a totalidade dos créditos ECTS asociados a unha disciplina poderá ampliar a súa matrícula noutras disciplinas que sumen o mesmo ou inferior número de créditos ECTS asociados que os recoñecidos, sen prexuízo do cumprimento do establecido con carácter xeral na presente orde en canto a matrícula e promoción.

Convocatorias e avaliación

- En cada curso escolar establécense dúas convocatorias: unha ordinaria e outra extraordinaria.
- O calendario de ditas convocatorias é o seguinte:
 - Ordinaria 1º C.: 23 xaneiro a 1 de febreiro
 - Ordinaria 2º C.: 22 ao 31 de maio
 - Extraordinaria: 17 ao 28 de xuño
 - Ordinaria TFE: 10 e 11 de xuño (data orientativa, non establecida).
 - Extraordinaria TFE: 9 e 10 de xullo (data orientativa, non establecida).
- A avaliación do traballo fin de estudos requirirá ter aprobadas a totalidade das materias que integran o plan de estudos.

Sistema de cualificación

- Os resultados obtidos polo alumno en cada unha das materias do plan de estudos cualificaranse en escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, e poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa: 0-4.9: suspenso (SS), 5.0-6.9: aprobado (AP), 7.0-8.9: notable (NT), 9.0-10: sobresaliente (SB).
- A mención de matrícula de honra poderá ser outorgada ao alumnado que obteña unha cualificación igual ou superior a 9.0. O seu número non poderá exceder de unha por cada 20 alumnos/as matriculados nunha materia no correspondente curso académico,

a non ser que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, caso en que se poderá conceder unha soa matrícula de honra.


- Premio extraordinario: Será requisito indispensable ter obtido a cualificación media de 8.5 no último curso, incluída a cualificación do Traballo Fin de Estudos (TFE), e exclusivamente na convocatoria ordinaria. No suposto de que haxa máis de un/ha candidato/a que cumpra os requisitos para a obtención do premio extraordinario, aplicaranse os seguintes criterios: a) Maior cualificación media do cuarto curso. b) Maior cualificación no TFE. c) Maior cualificación media de todo o expediente.

Reclamacións ás cualificacións

- O alumnado desconforme coas cualificacións outorgadas poderá presentar a correspondente reclamación ante a dirección da escola. Dita reclamación deberá ser presentada nos dous días seguintes á comunicación pública das cualificacións.
- A reclamación poderana presentar cando consideren que a cualificación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:
 - Inadecuación da proba proposta ou dos instrumentos de avaliación aplicados en relación cos obxectivos e contidos da disciplina.
 - Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
- Co informe do departamento, a Dirección emitirá resolución en 5 días contados a partir da súa recepción.



NOMENCLATURA AULAS ESCRBCG



PLANTA BAIXA

0.1 CONSERXERÍA

0.2 ADMINISTRACIÓN

1.1 DIRECCIÓN

1.2 SECRETARÍA/VICEDIRECCIÓN

1.3 XEFATURA DE ESTUDOS

1.4 SALA DE PERSOAL

1.5 TALLER CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN ESCULTURA I (3º, 4º)

1.6 TEÓRICA CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN ESCULTURA I (3º, 4º)

1.7 TALLER CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN ESCULTURA II (3º, 4º)

1.8 TEÓRICA CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN ESCULTURA II (3º, 4º)

1.9 PROCEDIMENTOS

PLANTA 2º

2.1 LABORATORIO FÍSICA-QUÍMICA

2.2 TEÓRICA 2º

2.3 TALLER CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN 1ªA

2.4 TALLER CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN 1ºB

2.5 TALLER CONSERVACIÓN- RESTAURACIÓN PINTURA I (3º, 4º)

2.6 TEÓRICA CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN PINTURA I (3º, 4º)

2.7 TALLER CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN PINTURA II (3º, 4º)

2.8 TEÓRICA CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN PINTURA II (3º, 4º)

2.9 DEBUXO E COR/PROCEDEMENTOS

PLANTA 3ª

3.1 DESPACHOS

3.2 DESPACHOS

3.3 DESPACHOS

3.4 BIBLIOTECA

3.5 TALLER CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN 2ºB

3.6 TALLER CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN 2ºA

3.7 TALLER CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN 2ºA

3.8 TALLER CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN 2ºA

3.9 TALLER CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN ARQUEOLOXÍA I (3º, 4º)

3.10 TEÓRICA CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN ARQUEOLOXÍA I (3º, 4º)

3.11 TALLER CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN ARQUEOLOXÍA II (3º, 4º)

3.12 TEÓRICA CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN ARQUEOLOXÍA II (3º, 4º)

3.13 TEÓRICA 1º

3.14 INFORMÁTICA 1

3.15 PROCEDEMENTOS

3.16 INFORMÁTICA 2

3.17 FOTOGRAFÍA